



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

MEMORIA XUSTIFICATIVA ORDENANZA REGULADORA DE TRÁFICO, MOBILIDADE SOSTIBLE E ESTACIONAMENTO DO CONCELLO DE SADA

O artigo 19 da Constitución Española establece, como un dos dereitos fundamentais dos españois “circular polo territorio nacional” e, no se artigo 45 proclama como un dos principios rexentes da política social e económica o dereito que todos teñen “a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o poder de conservalo” encomendando aos poderes públicos a velar “pola utilización racional de todos os recursos naturais, coa finalidade de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente”. Todo conduce á necesidade de que os poderes públicos garantan a circulación por territorio nacional, mais prevalecendo unha mobilidade compatible en relación aos racional dos recursos naturais co fin de mellorar a calidade de vida dos cidadáns. É preciso considerar a Lei 37/2003, de 17 de Novembro, do Ruido, a Lei 34/2007, de 15 de Novembro, da Calidade do Aire e Protección da Atmósfera, a Lei 2/2011, de 4 de Marzo, de Economía Sostible, así como outros documentos normativos e estratéxicos propostos para o avance cara unha mobilidade verde, sostible, remarcando o carácter urbano da mesma, como o Proxecto de Lei de Mobilidade Sostible 121/0000136, de 27 de Xaneiro de 2023.

Ditas leis complementáanse directamente nesta ordenanza co Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de Outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de Motor e Seguridade Viaria, na que se se establecen directrices fundamentais á hora de regular o aparcadoiro nas vías públicas, de competencia municipal, exactamente durante a sección 7 Parada e estacionamento, no artigo 39.4 reflíctese “O réxime de parada e estacionamento nas vías urbanas será regulado por ordenanza municipal, coa posibilidade de adoptar as medidas precisas para evitar o entorpecemento do tráfico, entre elas, limitacións horarias de duración do estacionamento, así como medidas correctoras precisas, incluída a retirada do vehículo ou a súa inmovilización cando non dispoña do título que autorice o estacionamento nas zonas limitadas en tempo ou exceda o tempo autorizado ata que se logre a identificación do conductor”. Tamén no artigo 40.2 b) da sección 7 Prohibicións “Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria, conforme a regulación do sistema utilizado para elo, sin dispoñer do título que autorice ou cando, dispoñendo de él, manteña o estacionamento do seu vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola autorización”.

Para rematar, a Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, de 3 de Abril, outorga competencias municipais no seu artigo 25.1 b) “...protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas” así como no 25.1 g) “tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade...”

A presente Ordenanza, que derrogará a existente (publicada no BOP número 94, do 8 de Xuño de 2010), ten por obxecto regular as condicións de mobilidade existentes no Concello de Sada, un estacionamento rotatorio que posibilite un mellor acceso ao núcleo urbán de Sada así como a posibilidade de redución da circulación de vehículos de motor en zonas de alta activade peonil.

Conforme ao establecido no art. 33.1 LPACAP:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

- a) Establecer a regulación de estacionamento, parada e circulación no Concello de Sada.
- b) Actualizar a normativa existente a prol dunha mobilidade sostible.
- c) Facilitar o estacionamento e parada aos cidadáns mediante zonas rotatorias.



Edificio de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274

CONCELLO DE SADA

- d) Regular, atentando á normativa vixente, as zonas peonís para unha maior humanización.
- e) Disminuir a circulación en zonas de alta afluencia peonil.
- f) Concienciar e fomentar o uso de enerxías limpas no transporte cotiá e o uso do transporte público.

B) A necesidade e oportunidade da súa aprobación:

É evidente as directrices que marca a CE no canto ás limitacións de uso dos vehículos a motor, sobre todo nos centros urbáns, así como ao cambio cara unha mobilidade sostible e verde, tal e como se desprende do Proxecto de Lei de Mobilidade Sostible. As administracións locais teñen as competencias (LBRL 7/1985) para marcar as directrices evitando un tráfico colapsado nos seus núcleos urbáns, facilitando o estacionamento con tempo limitado, así como promover e concienciar á cidadanía de cara ao uso de enerxías limpas e unha normativa actualizada na que o peón, sexa o principal beneficiado.

C) Os obxectivos da norma:

Esta ordenanza ten como fin principal promover unha mobilidade sostible, o estacionamento rotativo no núcleo urbán, outorgando prioridade ao peón ou á utilización de vehículos non motorizados, diminuindo o tráfico rodado de vehículos a motor privados en zonas de alta afluencia peonil.

D) As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras:

O Concello de Sada podería optar por:

- a) Non derogar e aterse ao cumprimento da Ordenanza do 8 de Xuño de 2010.
 - b) Aprobar unha ordenanza que se adapte á lexislación en vigor coa suficiente flexibilidade.
- Óptase pola segunda opción para actualizar unha normativa que atenda ás demandas dos cidadáns, facilitando o seu acceso e estacionamento no núcleo urbán, fomentando unha mobilidade sostible e verde.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, na data de sinatura dixital.